

Peregrinación intercentros polo Camiño de Santiago, primeira semana de outubro de 2024

BOTAFUEGO

En primeiro lugar, felicitarvos e darvos o parabén a todos os que estades hoxe aquí. O meu nome é Damián e falo no meu nome e no dos meus compañeiros que vimos de Botafuego, de Alxeciras, Cádiz. Para definir con palabras como é o Camiño de Santiago, utilizarei as palabras máximo, único, divertido e espiritual. Vívese gran cantidade de experiencias nun curto período de tempo de maneira moi intensa, pois viaxamos tan só cunha mochila e en compañía de persoas excepcionais.

É unha experiencia que xamais imaxinara. Compartir tantos momentos con persoas que apenas nos coñecemos e con tanta proximidade, compartindo todo durante 24 horas ao día, habitación, comida e experiencia. Tantas cousas que forxamos un vínculo inesquecible, que lembraremos con agarimo o resto das nosas vidas. E seguro que o día que nos atopemos nun futuro, dentro de 15-20 anos, darémonos un forte abrazo e lembraremos esta experiencia. As emocións que experimentamos son únicas, pois ao proceder desde a privación, facer o percorrido en total contacto coa natureza, con estas maravillosas paisaxes e tanto verde, é algo indescritible. Todo se goza con moita máisintensidade. Fomos afortunados ao ser seleccionados para realizar esta actividade tan especial.

B U R G O S

Bos días compañeiros e compañeiras. Vimos desde Burgos, chámome Gregorio. Da miña parte e dos meus compañeiros de camiño, o primeiro é dar grazas a Deus que nos permitiu estar aquí. Grazas a Galicia por permitirnos descubrir tan fermosa terra. Quero compartir a importancia destas saídas, xa que son unha motivación para seguir facendo as cousas ben.

Este é o noso camiño, lograr a liberdade, estar coa familia, cos fillos, os nosos pais e seguramente un sentimento en común moi importante sen dúbida, é que as nosas nais se volvan a sentir orgullosas de nós. Déronnos unha oportunidade e estámola

aproveitando. Queremos que os nosos compañeiros se animen. a ter estes espazos para prepararse para a saída sen meternos en leas.

A experiencia é moi satisfactoria. Coñecemos xente, axudamos e é unha oportunidade de luxo para renacer e tomar ese último impulso para saír definitivamente e non volver repetir os mesmos erros.

Dinme que todos os anos o grupo que sae ao Camiño de Santiago é bo, pero o deste ano é excepcional, grazas ao meu grupo. Lembremos que o primeiro e o último fin do ser humano é ser feliz, e estes días axudáronnos a poñelo en práctica e sentirnos felices, queridos, comprendidos e animados. Compartimos experiencias, quitáronsenos moitos medos de encima, e ademais coa sorte do equipo que nos acompaña.

Esta experiencia está a cambiarme a maneira de ver e interactuar coa xente, a natureza, a fe. Esa fe que xamais debemos permitir que se extinga. Andando así aclárase a vista cara ao futuro que buscamos. Sabemos que o camiño non remata, hai que facelo todos os días, coidando á xente, superando limitacións, crescendo e madurando como persoas. Temos que animar aos compañeiros. Non vaiades frustrados ás terapias. Hai que ir motivados, pensando no que ides logrando e lograredes.

Vouno repetir. Atópome feliz, emocionado e agradecido. Camiñamos algúns intres sós para poder facernos preguntas e tratar de atopar respostas válidas. Sastipén Talí [Saúde e liberdade].

C Ó R D O B A

Bos días, moitas grazas. Perdón se se me escoita así regular, é que non estamos afeitos á auga alí en Córdoba.

En primeiro lugar, quero dar as grazas a todas as persoas que fixeron posible que puidésemos vivir esta experiencia, tanto á pastoral católica, como á dirección do noso centro. Sobre todo, para todos foi unha gran alegría ver esa sorpresa que nos destes ao chegar ao final do percorrido. Estas letras que relato eu, é unha carta de 5 persoas.

Sáímos 5 internos, e non sabiamos é que nos acompañaban catro anxos. O Camiño vivímolo de dúas maneiras distintas, unha dura no físico e outra espiritual e fermoso. Cada un de nós saímos sós e volvémonos con oito irmáns. Iso di moito da comunión que tivemos neste traxecto.

Non querría esquecer a Manuel, o funcionario que nos acompañou, xa que sendo o seu aniversario deixou de pasalo coa súa familia e quíxoo pasar connosco. Tampouco quería esquecer o noso capelán Sergio, que estivo moi involucrado e non nos

deixou nin un segundo de respiro. Tamén Antonio, o voluntario da pastoral que nos acompañou, un home que con 73 anos seguíanos o ritmo aos máis novos. Tamén a ti Carlos, en quen sempre tivemos un irmán ao noso carón para escoitarnos.

E é que o Camiño é como a vida, e está cheo de pedras e obstáculos, pero grazas á forza de Deus e á boa disposición de todos, os peregrinos e habitantes dos diferentes pobos déronnos forza para seguir adiante. En definitiva, o Camiño serviunos para buscar a paz en nós mesmos e decatarnos de que hai persoas que nos queren, pero quérennos só por iso, por ser persoas. Así que, grazas a todos e haberá que buscar a felicidade en cada camiño. Moitas grazas.

M O R Ó N

Boas tardes. O meu nome é Abraham. Quero contarlles que ocasión máis valente tomei aquel día cando decidín deixar que Xesús guiase os meus pasos. É por iso que hoxe estou aquí. Cando me trasladaron, hai dous anos, de Murcia a Morón, os primeiros días estaba enfadado, un pouco triste porque fixeran aquilo. Pero... Xesús sabía que tiña que facer o Camiño a Santiago. Eu hoxe acabo de entender do que xa empezara hai dous anos e medio. Cando viña camiñando desde o primeiro día, observei que no camiño tamén é parte a natureza que nos vai acompañando, as súas pedras, as súas canles, as árbores, as covas que me atopei no camiño. E sobre todo as súas xentes. E iso fíxome reflexionar que a vida nos dá unha segunda oportunidade. Pola mañá, ao erguernos, preguntábame por qué tiñamos que empezar subindo, pero valía a pena facer ese esforzo pois víase toda a panorámica. E eu creo que esa é a maneira na etapa da miña vida. estando en prisión, pois ás veces sentímonos así, non? e cando as cousas pasan por algo fun reflexionando no camiño. Fun unha tarde á misa, escoitei unha frase popular que di "ao mal tempo, boa cara". Estando en prisión ás veces cústanos facer as cousas, a min o primeiro. Queremos que as cousas sexan á nosa maneira. Pero tamén hai que poñer boa cara.

Cando facía o Camiño pensaba que cando xa temos uns meses, ensínannos a falar, pero moi poucas veces nos ensinan a escoitar. E eu creo que escoitar é importante, sobre todo escoitarse a un mesmo se de verdade queres facer ese cambio.

Entendín tamén que a vida é aprender a convivir. Tamén me coñecín un pouco mellor e volví a abrazar a creación de Deus, que é a natureza, o atoparse a un mesmo e sobre todo escoitar aos demais.

P A M P L O N A

Boas tardes a todos. Primeiramente quero darlle grazas a Deus polo mal que me tratou. Porque grazas a iso fun sumando cousas boas de todas as experiencias que vivín. Se estivese nunha liberdade total, nunca me imaxino facendo o Camiño de Santiago. E así gocei dunha das mellores experiencias na miña vida, porque o meu grupo considéroo como unha familia. Non nos viamos como presos, non se consideran funcionarios, senón que nos fan sentir como a súa familia.

En fin, o Camiño de Santiago é como a vida mesma. Tanto podemos ter un día de sol radiante, como sufrir chuvascos, lodo, pero ao final do camiño sempre, sempre hai unha luz. Moitas veces considerámonos, como estamos agora, presos. E a liberdade non é estar na rúa, a liberdade é sentirse ben cun mesmo, porque hai moitas persoas que están libres e considéranse máis presos que os que estamos no cárcere. A vida, como para moitos, non foi boa. Tivemos momentos moi difíciles, moitas veces momentos que non sabemos como saír adiante, pero debemos ter o valor e a facilidade de poder atopar esa forma de saír adiante. Porque o único burato do que non podemos saír é do cemiterio. Así que moito ánimo a todos. E grazas pola oportunidade de coñecernos un pouquiño máis, porque todos somos persoas. Aquí non hai presos, non hai funcionarios, senón persoas. Que todos cometemos erros, porque a perfección non existe. Así que a vida segue e para adiante todos.

PEREIRO DE AGUIAR

O primeiro é dar as grazas e as nosas felicitacións polo bo trato que nos deron os funcionarios, o equipo técnico, director, subdirectora, o noso capelán por suposto, pastoral penal, os voluntarios que puxeron todo ese esforzo e o módulo 4 que nos fixeron uns bastóns que nos deron moita axuda para facer o Camiño nestes días.

Isto serviunos para coñecernos mellor, reforzar os nosos sentimentos e crenzas. Foi moi gratificante saír fóra dos muros, relacionarnos con outras persoas, falar coa xente doutras culturas, países e continentes. É importante saber que non importa nin a cor nin o idioma, simplemente cun pouco de bondade e humildade chégase a calquera lado. Nunca cremos que, sen

coñecemos e a sabendas que eramos internos, trataríannos tan ben nos mosteiros e os albergues. Foi estupendo. A paisaxe, os compañeiros, a amabilidade da xente, o romper a nosa rutina, o saber que detrás dos muros hai xente que vale a pena axudar e estar a carón dela.

Levamos cargas innecesarias na nosa mochila, que imos baleirando aos poucos, alixeirando o peso. Imos repoñendo con sensacións e emocións prometedoras. Sentimos dor, fatiga, algunha bágoa que outra. Tamén houbo oco para o bo ambiente, a amizade, o compañeirismo e o respecto. Todo isto, chegar até aquí, vivilo, fai que todo valse a pena. En fin, que vos vou dicir? Existe un idioma universal a esta viaxe que se define con dúas palabras: Bo camiño. E grazas por vir.

P U E R T O I I I (C Á D I Z)

Ola, non traio nada preparado. Primeiro, felicitar a todo o mundo por facer esta experiencia. Segundo, agradecer á Pastoral Penal polo labor que fan connosco, cos presos, e as axudas que nos dan.

E sobre a experiencia persoal, que vos vou a contar que non saibades?. Unha experiencia de luxo, boa, gratificante, inesquecible, en paz cun mesmo, coa natureza. Saímos un grupo moi bo, bos compañeiros, monitores, os funcionarios portáronse moi ben connosco.

SOTO DEL REAL (I)

Pedíronme antes de vir para acá que dixese algo gracioso e o único que podo dicir é que quedo de pé, non para que me vexades, que á mesma altura estou de pé que sentado, senón para podervos ver eu a vós.

O Camiño de Santiago é relativamente fácil, márcannos as frechas por onde temos que ir. Dinnos que é fundamentalmente plano. Hai persoas que nos indican, que nos guían, pero tamén é posible perderse. E como no meu caso, na miña vida, tamén se pode non atender, non fiarme e perderme. Cando nos perdemos no Camiño a Santiago, andamos máis. Chegamos tarde. Para min, perderme na vida levoume a prisión.

Facer ben o Camiño non depende da choiva, o sol, o cansazo... Facer ben o Camiño foi aceptarme como son, ir ao ritmo que o meu corpo me permite. En prisión puiden ver e recoñecer as frechas amarelas que me saltei, as veces que seguí camións a ningunha parte. Aprendín a mirarme e a crerme en verdade, na miña historia.

Deixo atrás o pasado, sen negalo. Miro ao futuro cunha mirada diferente. Se puiden percorrer o Camiño, o físico destes días e o máis profundo, é porque me mirastes máis aló da letra do meu delito. Mirástesme como persoa e axudástesme. Quero isto, non só o Camiño, senón todo o traballo que a min me axudou a saír de aí, sígase facendo. E non o pido só por min, senón por todos os que estamos aquí presentes, por todos os que peregrinamos.

E que mañá sigano facendoo polos que se extravíen no seu camiño.

SOTO DEL REAL (II)

A experiencia é moi bonita, Do Camiño de Santiago faláranme moi ben, mais non pensei que fose tan gratificante facelo e vivir esta experiencia. Deixoume un xeonllo e un nocello, pero non pasa nada. Sobre todo destaco a convivencia, que moitas veces é difícil. Coñecín a compañeiros de prisión que non tivera o pracer ou a oportunidade de estar con eles, de ti a ti, de compartir cousas, de saber da súa vida persoal. Encheume bastante. Igual cos funcionarios, que vivimos con amizade, non os vimos como funcionarios senón como algo máis, non? Para finalizar, parece ser, parece ser que foi unha fermosa experiencia.

TEIXEIRO

Chámome Ricardo. Primeiro darnos a todos o parabén por completar o Camiño, por chegar aquí e que o camiño empece aquí. A nivel persoal o Camiño a min fíxome reflexionar bastante sobre a miña vida para poder pór solucións a todos os problemas que me levaron a estar a gran parte da miña vida en prisión.

A nivel grupal, pois vas collendo confianza con outras persoas, falas doutra maneira, quitas eses clichés de estar nun patio, 72 pasos de espazo, no que prexulgas á xente e só hai unha desconfianza entre as persoas.

Agradecer tamén, en especial, á pastoral penal por todo o labor que está a facer para connosco e que sigan así. Tentar, desde aquí, por favor, reivindicar na medida do posible, que sigan con estas saídas, con estes proxectos que axudan moito á xente á hora de empezar a pillar rúa.

Parabén a todos, moitas grazas e ánimo, rapaces.

VALENCIA (I)

Este camiño foi moito máis que unha viaxe pola terra. Foi un recoñecemento cara a nós mesmos, cara ao que fomos e o que queremos ser. Perdemos moito nas nosas vidas, alicerces que se desmoronaron, pero aquí, neste traxecto, atopamos unha enerxía que criamos perdida. Recargounos de pensamentos bos e devolveunos recordos e momentos que parecían enterrados. Este camiño hanos sanado, espertounos, deunos algo máis que quilómetros percorridos. Deunos a oportunidade de conectar coa xente, connosco mesmos, coa natureza. Ás veces tamén aprendemos a afastarnos das malas influencias, sabendo que non sempre todo o mundo que atopamos no camiño faranos ben. Pero con vostedes, con este grupo, sentimos algo especial. O agarimo e o apoio que nos deu, esa confianza que nos permitiu camiñar un co outro, sen xuízos, só con gratitude.

Para moitos de nós este foi un momento de deixar atrás o pasado. En cada paso que demos foi coma se encerrásemos unha parte da nosa historia que xa non queremos cagar. Avanzamos deixando atrás ese peso, tirando cara a adiante por unha vida máis sa, máis libre. Aprendemos que non importa o que fósemos, o que importa é cara a onde imos. E agora sabemos que non nos renderemos. Non importa cuán escura sexa ou fose nosa vida, sempre hai unha luz ao final do túnel e é cara a ela onde debemos camiñar.

VALENCIA (II)

Aprendemos a ser transparentes, a non avergoñarnos do que fomos. É máis, dunha ocasión os poucos é sinceros, dicir quen somos e que vivimos, sen medo ao xuízo,

Entendemos que este camiño é en si mesmo unha metáfora da vida. Hai que ser reais co demais e cun mesmo. Ás veces as palabras non alcanzan para explicar o que vivimos.

Cada paso deixounos algo, un pensamento, unha esperanza, un soño de futuro. A cada paso deixamos atrás unha parte de nós que xa non nos define e avanzamos cara a unha vida mellor. Sabemos que non será fácil. Pero tamén entendemos que canto máis duro é o traballo, máis doce é a recompensa. Cada día neste Camiño foi especial. Aprendemos o valor do esforzo, da constancia e lembramos o que eramos antes e o que queremos ser agora.

Unha experiencia ensinounos que non se necesita moito para ser feliz. Non fai falta ter riqueza ou luxo, só a vontade de camiñar, de cambiar, de buscar unha vida mellor. Este camiño foi un dos mellores momentos das nosas vidas. E por iso queremos dar as grazas, grazas a todos os que camiñaron connosco, que nos apoiaron, que creron en nós. Este é só o comezo de algo novo, porque agora somos capaces de alcanzar o que nos propoñamos e de seguir adiante, sen importar o duro que sexa o camiño. Grazas.

X A É N

Do mesmo xeito que o meu compañeiro de Cádiz, tampouco preparei nada. Pepe, o cura, onte pola mañá díxome se quería ser o que falase.

Estivemos facendo unha reunión ao final do día, na que compartiamos que é o que sentimos ese día, e unha serie de dinámicas. Foron todos os días e precisamente onte foi quizais a máis significativa para min, porque estiven todo o día aí dándolle voltas.

A miña experiencia persoal foi que unha das cousas que peor llevo na miña vida foi non afrontar os meus medos, quedarme na miña covardía e afrontalo da peor maneira que se pode afrontar que é o evadilo.

Decateime de que esa é unha das cousas nas que quero cambiar cando finalice este camiño. De feito, unha das cousas que van na miña pedra son esas, xunto con tirar tamén ou deixar o meu pasado atrás, porque me fai dano e non me axuda.

Non quere dicir que non teña que seguir traballando porque o Camiño son cinco días, viviches moitas cousas bonitas, con moita xente, coñecer xente de todos sitios, o bo trato... Pero o camiño realmente témolo nós mesmos, que é o da nosa vida.

Finalmente, agradecer aos funcionarios, Don Antonio, Juan, que nolo fixeron moi fácil. Por suposto á pastoral: Pepe ten un amor incondicional por nós. Quero mencionar tamén a José Luís porque considero que o merece, que é o capelán que tiñamos ultimamente hai un tempo en Xaén, en paz descanse. E tamén en parte este Camiño foi por el. Así que xa está, parabén a todos por chegar até aquí e que aquí non termine o camiño. Grazas.

B O N X E

En primeiro lugar, non teño nada preparado porque non sabiamos que tiñamos que falar. Así que vou ser moi breve, pois creo que todo o que pensamos case o dixeron todos; entón, pouco máis que engadir. Quero darlle as grazas ao equipo técnico e á dirección do centro por darnos a oportunidade de facer esta experiencia moi boa. Creo que falo no nome dos meus nove compañeiros e moitas grazas, de verdade. Creo que no tema físico todo o mundo vaino pasar, uns mellor que outros, e psicoloxicamente é digno de experimentar.